


BOLETÍN UVIGO/HUMANA



O BOLETÍN

UVIGO/HUMANA

BENVIDOS/AS

Con este novo boletín queremos dar a coñecer á comunidade universitaria as actividades de acción solidaria, voluntaria e de cooperación no marco da Axenda 2030 organizadas pola Universidade de Vigo, así como aquelas impulsadas por outras administracións, entidades sociais e ONGD da nosa contorna.

Se es membro da comunidade universitaria ou pertences a unha ONGD ou entidade social e queres dar a coñecer entre a comunidade universitaria a túa iniciativa de acción solidaria, contáctanos en:

Área de Equidade e Diversidade.

[+ Info direc.equidade@uvigo.gal](mailto:direc.equidade@uvigo.gal)

A UNIVERSIDADE E A AXENDA 2030 DAS NACIÓNS UNIDAS

A Universidade, na súa calidade de axente de cambio social e desenvolvemento, está adherida ao Pacto Mundial das Nacións Unidas. Entre outras cousas, isto significa que ten a responsabilidade de poñer en contacto á comunidade universitaria con diversas entidades sociais baixo os principios e obxectivos recollidos na Axenda 2030. En consecuencia, a política de responsabilidade social da Universidade debe estar orientada cara a consecución dos 17 obxectivos de desenvolvemento sostible (ODS), coa fin de xerar condicións que contribúan a acadar un mundo máis xusto, igualitario, solidario e sostible. [+Info](#)

AXENDA

DECEMBRO

L	M	MÉ	X	V	S	D
			1	2	3	4
5 Día Internacional do Voluntariado	6	7	8	9	10	11
12	13	14	15	16	17	18 Día Internacional do Migrante
19	20	21	22	23	24	25
26	27	28	29	30	31	

CHAVES DESTE NÚMERO: DECEMBRO MES DO VOLUNTARIADO

Dende 1985, cada 5 de decembro a ONU celebra o Día Internacional do Voluntariado para concienciar á poboación da importante labor que ofrecen os voluntarios e voluntarias na sociedade.

A conmemoración desta data procura resaltar a importante labor que realizan todas aquelas persoas que deciden axudar a outras en situación de vulnerabilidade, de forma desinteresada, para a construción dun mundo máis xusto, promover a acción polo clima e avanzar nos Obxectivos de Desenvolvemento Sostible (ODS).

Este propósito faise eco na Axenda 2030 a través da materialización do ODS 16: Paz, xustiza e institucións sólidas, no sentido de que busca promover sociedades máis xustas, pacíficas e inclusivas.

Traballar en prol da xustiza, da igualdade e da liberdade son os principais valores que motivan aos voluntarios e voluntarias na súa acción humanitaria polo ben mundial. Polo que "unha sociedade que apoia as diversas formas de voluntariado é unha sociedade que tamén promove o benestar entre os seus cidadáns."

Dende a Área de Equidade e Diversidade, animamos a toda a comunidade Universitaria a realizar voluntariado nalgúns dos 66 programas xestionados pola Universidade xa sexan propios ou en colaboración con entidades sociais, podes consultar a listaxe enteira de programas aquí. Comunidade de voluntariado: <https://secretaria.uvigo.gal/uv/web/voluntariado/public>

Coñece algúns programas de voluntariado que están a recrutar xente nestes momentos:

-Voluntariado Axenda 2030. Axentes do cambio

O obxectivo principal é dar a coñecer a Axenda 2030 os seus ODS entre a comunidade Universitaria e promover accións de cara a consecución de un desenvolvemento sostible. Levar a cabo campañas e actividades de sensibilización nos 3 Campus da Universidade de Vigo sobre o contido dos 17 ODS da Axenda 2030.

As actividades realizaranse durante o segundo cuadrimestre do curso.

Data de comezo: **15 de xaneiro de 2023**. Recoñecerase **1ECTS** por cada 30 horas de dedicación ao voluntariado.

[Para máis información e inscrición](#)



CURSOS

II Congreso Internacional de Saúde Mental. Este congreso levarase a cabo na Cidade de México os días 7, 8 e 9 de decembro, pero a súa participación será virtual. O congreso busca planear estratexias e accións para mitigar o impacto dos problemas da saúde mental e mobilizar esforzos para mellorar a saúde e o benestar da poboación. [+Info](#)

Reunión de Alto Nivel: Día da Saúde Universal. A Organización Panamericana de Saúde organiza unha serie de eventos a nivel rexional para celebrar o Día da Saúde Universal baixo o lema: "Forxemos o mundo que queremos: un futuro saudable para todos e todas". O evento realizarase de maneira virtual o luns 12 de decembro ás 10 horas (EST). [+Info](#)

Curso Transformando 4. Cartografías Críticas.

O curso desenvolverase os días 16 e 17 de decembro na Librería O Fiandón (Rúa San Roque, 11) na cidade da Coruña. Esta formación abordará contidos e metodoloxías para traballar o Dereito ao Hábitat a través das cartografías críticas, tanto nas aulas como en espazos informais, ofertando coñecementos pedagóxicos, ferramentas prácticas, exercicios prácticos e presentando experiencias de colectivos e profesionais no eido do mapeo colaborativo e a cartografía social. [+Info e inscrición de balde \(prazas limitadas\)](#)



CONVOCATORIAS

Programa de bolsas-prácticas ONCE-CRUE 2022/2023. O obxectivo desta convocatoria de bolsas é facilitar o desenvolvemento de prácticas académicas externas dirixidas a alumnado universitario con discapacidade promovendo así a mellora da súa empregabilidade e futuro profesional. Candidaturas ata o 15 de decembro [+Info](#)

Bolsa de atención ao estudiantado con necesidades específicas de apoio educativo. A finalidade da bolsa é o apoio ao *Programa de atención personalizada de estudantes* con necesidades educativas especiais, de acordo co establecido nos programas de atención personalizada. [+Info](#)

Concurso de fotografía

#EmerxenciaVivenda. A Rede Europea contra a Pobreza e a Exclusión Social (EAPN-Galicia), coa colaboración de Federación Galega de Turismo Rural (FEGATUR), convoca este concurso de fotografía dixital no que pode participar calquera persoa maior de 18 anos. As



fotografías presentadas ao concurso terán como temática: "Pobreza, exclusión e vivenda", valorando que reflectan situacións reais e actuais desta problemática, por exemplo a infravivenda, chabolismo, problemas de salubridade, altos prezos, dificultades de acceso ao alugueiro, falta de accesibilidade, dificultades no medio rural, etc. A recepción de fotografías finalizará o 13 de decembro a 23:59h [+Info](#)

IV Edición dos Premios Universidade, coñecemento e Axenda 2030. Atópase aberta a IV Edición dos Premios Universidade, coñecemento e Axenda 2030 para Traballos de Fin de Grao (TFG) e Traballos de Fin de Mestrado (TFM). Iniciativa da Fundación Carolina, a AECID e a Conferencia de Reitores das Universidades Españolas. Candidaturas ata o 12 de decembro. [+Info](#)

OUTRAS ACTIVIDADES

Concesión dos premios do II Concurso "Móvete polos ODS". O pasado 17 de novembro publicouse a listaxe de alumnado premiado na 2ª edición do concurso de vídeos "Móvete polos ODS" que promove a Rede Galega de Cooperación Universitaria ao Desenvolvemento (RGCUD), co obxectivo de mobilizar e comprometer ás persoas participantes e ao resto da sociedade fronte aos grandes retos mundiais como poden ser o cambio climático, as desigualdades sociais e de xénero, a perda da biodiversidade ou mesmo a escaseza de auga.

Todos os vídeos que se presentaron ao certame poden verse na [canle de Youtube](#) habilitada para o concurso. Tamén achegamos o enlace coa [listaxe de alumnos e alumnas premiadas](#) na II edición do concurso "Móvete polos ODS".

Cinema Rabudo, II Mostra galega de audiovisual inconformista. O Fórum Metropolitano da Coruña acollerá os días 1, 2 e 3 de decembro a segunda edición de Cinema Rabudo, a mostra galega de audiovisual inconformista que naceu no outono de 2021 co obxectivo de xerar un espazo de encontro para o audiovisual crítico e incitar o debate e a reflexión sobre problemáticas sociais de actualidade. [+Info](#)

Seminario web GLOBE | Apertura a tomar medidas enerxéticas. A Serie de Webinars GLOBE presenta a investigación máis recente e de vangarda na gobernanza global e brinda aos membros da audiencia a oportunidade de interactuar directamente con académicos líderes no campo. A participación é gratuíta e o seminario realizarase en liña [+Info](#)

Autobiografía do algodón: migración, familia e a construción dunha fronteira México-Estados Unidos. O 14 de decembro (18:00h. CET) Crista Riversa Garza (University of Houston) dará unha conferencia sobre o libro que acaba de publicar *La autobiografía del algodón*, onde sigue os pasos daqueles homes e mulleres que habitan no pasado da súa familia e que traballaron a terra que agora forma a fronteira entre Tamaulipas e Texas. Requírise inscrición previa. [+Info](#)

XVIII Encontro Internacional da Cátedra Latinoamericana Ignacio Ellacuría, SJ. O propósito da Cátedra é contribuir a creación de espazos de produción de coñecemento no ámbito da política e sociedade dende a luz do pensamento de Ignacio Ellacuría e ofrecer modelos alternativos reais que fagan posible unha sociedade máis xusta. [+Info](#)

POSTOS E VACANTES

KCL: profesor/a de desenvolvemento internacional. O King's College London (KCL, Department of International Development) invita ao envío de candidaturas para o posto de Senior Lecturer in International Development. Solicitudes ata o 5 de decembro. [+Info](#)

UPF: profesor/a asistente de política da Unión Europea. A Universidade Pompeu Fabra (UPF) busca cubrir a vacante de Tenure Track Assistant Professor position in European Union Politics & Policy. Candidaturas ata o 1 de xaneiro de 2023. [+Info](#)

Técnica/o de Educación e Comunicación para a Transformación Social da Cidadanía Global. Ayuda en acción busca unha persoa para o posto "Técnica/o de Educación e Comunicación para a Transformación Social da Cidadanía Global". [+Info](#)

Técnico/a de proxectos de cooperación internacional vinculados al sector de pesca y acuicultura. Ayuda en acción Galicia publica unha oferta de emprego para o posto: Técnico/a de proxectos de cooperación vinculados ao sector de pesca e acuicultura. [+Info](#)

FORMACIÓN

Explorer Training. Explorer é un programa de pre-incubación a través do cal poderedes experimentar co emprendemento e validar se unha idea de negocio pode converterse nun proxecto sostible (ademais de ter o potencial de crear a independencia económica desexada!). Ademais, participando neste programa poderás adquirir as habilidades transversais necesarias,

non só para emprender, senón tamén para ser máis empregables e aportar valor a calquera organización. Data límite para as inscricións: 22/12/2022 [+Info](#)

Oferta de Posgraos en Estudos Do Desenvolvemento. Co propósito de dar a coñecer os Programas de Posgrao en Estudos do Desenvolvemento que imparten as nosas institucións socias, poñemos a disposición a información sobre este tipo de programas. [+Info](#)

NOVAS DO DUVI

A UVigo implícase na valorización e aproveitamento da biomasa como recurso estratéxico na eurorrexión [+Info](#)

As innovacións tecnolóxicas para o adestramento centran un proxecto de innovación educativa [+Info](#)

Alumnado e profesorado de Traballo Social e do CEIP Mestre Vide únese para fomentar a integración das persoas con discapacidade [+Info](#)

Fronte á obsolescencia programada, un proxecto explora como facer sostible o dereito a reparar [+Info](#)

O Maratón Solidario de Zumba permite reunir preto de 250 quilos de alimentos [+Info](#)

Dous “fillos do carballo de Santa Margarida” medrarán no campus [+Info](#)

Educación apoia o rexistro de Ponte... nas Ondas! como modelo de boas prácticas de salvagarda do Patrimonio Cultural Inmaterial da Unesco. [+Info](#)

Circular Seas consegue transformar os residuos plásticos oceánicos en produtos verdes para a industria marítima [+Info](#)

Seis curtas para visibilizar distintas formas de violencia contra as mulleres [+Info](#)

A arte reflicte un compromiso cada vez maior na denuncia da violencia “invisible” contra os animais [+Info](#)

COÑECE AS ENTIDADES SOCIAIS DA NOSA CONTORNA



Implicadas no Desenvolvemento é unha organización feminista de cooperación ao desenvolvemento fundada en 1998 en Galicia que traballa na procura da igualdade de xénero como pilar para o desenvolvemento humano perdurable. Implicadas entende a loita contra a pobreza como un exercicio de responsabilidade da cidadanía do norte en busca de espazos para que a cidadanía do Sur, e en concreto as mulleres, poidan tomar decisións sobre as súas vidas.

Por todo iso, traballa para superar primeiro a discriminación que padecen as mulleres con distintas accións: traballa na sensibilización da cidadanía, nas accións de presión política, na visibilización da situación das mulleres dos países en vías de desenvolvemento; abre portas á participación da cidadanía a través do voluntariado e do apoio a campañas internacionais. [+Info](#)

VOLUNTARIADO E PRÁCTICAS PROFESIONAIS

PROGRAMAS DE VOLUNTARIADO PARA O ALUMNADO DA UNIVERSIDADE DE VIGO

Os membros da nosa comunidade universitaria poden participar en proxectos de voluntariado mediante unha entidade de acción voluntaria. Como alumnado tes dereito ao recoñecemento de créditos ECTS por compartir horas do teu tempo. Podes validar 30 horas de voluntariado por 1 crédito ECTS. Se tes calquera dúbida podes poñerte en contacto co Servizo de Xestión da Extensión Universitaria no seguinte enderezo electrónico: voluntariado@uvigo.gal [+Info](#)

OUTRAS OPORTUNIDADES DE VOLUNTARIADO

Axenda 2030. Axentes de cambio. O voluntariado Axentes do Cambio comezará coas súas accións de información e sensibilización sobre os obxectivos de desenvolvemento sostible e Axenda 2030 durante o mes de xaneiro. Está aberto o prazo para inscricións. [+Info](#)

A miña horta é a túa [+Info](#)

ASDEGAL [+Info](#)

Dorotea [+Info](#)

Clases de apoio escolar a menores en risco de exclusión social [+Info](#)

Naturalmente. Proxecto de acompañamentos, respiros familiares e fomento da vida autónoma en saúde mental [+Info](#)

RECURSOS EN LIÑA

Publicacións en liña en materia de cooperación e desenvolvemento en Galicia (Coordinadora Galega de ONGD) [+Info](#)

Catálogo de publicacións de Cooperación Española [+Info](#)

Outros catálogos en materia de cooperación e desenvolvemento (Cooperación Española) [+Info](#)

Publicacións da asociación Provivienda [+Info](#)